

**Follas do Cineclub | 24/11/2021**

PERO SON UNHA ANIMADORA

(But I'm a Cheerleader, Jamie Babbit, EUA, 1999, 89', VOSG)

04

**TANTAS BATALLAS QUE LOITAR. ENTREVISTA CON JAMIE BABBIT  
CYNTHIA FUCHS**

[Tirada de *Nitrate Online*, xullo de 2000: <https://nitrateonline.com/2000/fcheerleader.html>]

Nun universo alternativo, Jamie Babbit podería ter sido unha animadora. Podería pasar por alegre, e ten o tipo de confianza, chispa e bo humor que parecen necesarios para unha liña de traballo tan enerxética. *Pero non é unha animadora*. É unha cineasta de vinte e tantos que está decidida a marcar unha diferenza. Por iso non sorprende que tivese a súa ración de problemas da primeira vez coa súa primeira longa, a comedia romántica altamente estilizada *Pero son unha animadora*. Esta parodia da homofobia dos doce pasos coloreada de azul e rosa de algodón de azucre recibiu inicialmente unha calificación de NC-17 [prohibindo o visionado a menores] da MPAA, que citou, entre outras cousas, unha escena lésbica non gráfica entre as estrelas Natasha Lyonne e Clea DuVall. Babbit editou as escenas para conseguir unha calificación R [que permite o visionado a menores acompañados] e logo descubriu que Fine Line abandonaba o filme dous meses antes da súa estrea en abril de 2000. Lions Gate acolleuno pouco despois, e Babbit está contenta con como o manexaron. Para ben ou para mal, Babbit está acostumada a tratar cos censores, tanto como directora independente como producindo e dirixindo na serie de instituto *campy* da canle WB, *Popular*.

**Fálanos sobre o estilo do filme, que foi comparado co de John Waters máis dunha vez.**

Teño unha sensibilidade pop, pero o filme inclúe outro tipo de cousas que me gustan, sexa John Waters ou fotos de David LaChapelle. *Edward Scissorhands* foi unha gran influencia para min, e toda a colección de Barbie, a casa de ensoño de Barbie, a roupa de Barbie, Barbie Barbie. O guión é moi simple e convencional, é unha comedia romántica, e quería engadirlle capas doutra maneira. Así que quería que o deseño de produción reflectise os temas, como a artificialidade da construción de xénero, como ser máis home se sabes cortar leña. É estúpido. A deseñadora de produción, a de vestiario e eu traballamos nunha progresión desde o comezo, cando o aspecto é máis orgánico, a algo máis plástico. Así, na primeira escena na súa casa, hai mobiliario de madeira e é marrón, como terra. Tan pronto conduce ao campo de conversión, Direccións Verdadeiras, o mundo vólvese máis falso en plan tecnicolor, e pasa de vestir de algodón a vestir de poliéster. Ao final todo o mundo viste plástico e todo

é máis e máis absurdo, como o falso ceo detrás da porta. E tentamos darlle un aspecto moi homoerótico, así que en todos os escenarios dos rapaces hai moreas de obxectos fálicos, como chistes, pero tamén amosando que se reprimes algo acaba por saír por outro lado.

**E como usas o camp no filme?**

A historia do camp foi bastante definida por homes gays, así que quería asegurarme de que o filme, aínda que usase o camp, tiña tamén momentos verdadeiramente emocionais, que era un romance. John Waters odia as comedias románticas, pensa que son cursis. Pero hai unha certa parte de min que é cursi. Son unha rapaza provinciana no que se refire ás relacións, e quería contar unha historia convencionalmente romántica. Así que cando hai escenas de moito camp, tamén hai escenas das rapazas sentadas nun outeiro e falando sobre as súas vidas. Hai xente que di que tento ser John Waters pero o filme non ten esa acidez. O que é importante para min é ter un centro emocional para a comedia. Se escribise un *paper* sobre elo, diría que é a feminización da estética camp, dándolle emoción a algo que está hiperrealizado. (...)

**Como ves que o filme trata ou desafia o desexo de ser "normal"?**

A cousa é que ser gay non significa necesariamente que sexas unha persoa forte. Hai moreas de xente que non poden coa vida e que ademais resultan ser gays, así que parece simplemente outra razón para ser infeliz. No filme, Megan [Natasha Lyonne] comeza como animadora, esa icona da feminidade americana, e ao final do filme establécese a dicotomía "normal" e "pervertida". Así que ao final van xuntas "pervertida" e "animadora". Entón o título ten dúas lecturas: ao comezo é "pero son unha animadora, non son gay", e ao final é "pero son unha animadora e son gay". Por iso fai o número ao final, porque quería que fose gay pero seguise sendo quen era, e non subila nunha Harley e que marchase. (...) Desta maneira, o filme desafia os estereotipos tamén dentro da comunidade. (...)

**Podes falar sobre a representación mediática de adolescentes gay, por exemplo na WB, onde en *Buffy*, *Tara* e *Willow* non puideron bicarse en pantalla aínda (só nun corte á reacción de Xander), pero en *Dawson* hai un breve bico entre rapaces e logo unha gran decepción.**

A WB dixo que podíamos ter un bico [en *Popular*] e dúas rapazas bicáronse, e logo fixéronme cortar antes do bico. Foi algo importante, porque dixeron que si e logo que non e logo que si. E logo acabaron dicindo "Podes poñer o bico, pero vai chamar a atención sobre a serie". E temos tantas referencias lésbicas na serie que [se se fixan] probablemente non pasarían a censura. Así que o produtor executivo, que é gay, decidiu non incluír o bico. Estamos sempre negociando e metendo cousas de maneira que algunha xente non se entere pero o noso público gay si. Camiñamos pola corda frouxa. Moitos dos xefes na WB son gays, e é só unha cuestión de non cabrear á dereita cristiá para que non se queixen aos anunciantes e Maybelline non quite os anuncios de *Buffy*. A tolerancia do público está aumentando, e agora que *Dawson's Creek* o fixo, sentou un precedente.

# PERO SON UNHA ANIMADORA

**Cynthia Fuchs / Hillary Weston**

**PERO SON UNHA ANIMADORA CUMPRE VINTE: NATASHA LYONNE E CLEA DUVAL RECORDAN O SEU CLÁSICO DE CULTO HILLARY WESTON**

[Tirado de *Criterion*, xuño de 2020: <https://www.criterion.com/current/posts/6986-but-i-m-a-cheerleader-turns-twenty-natasha-lyonne-and-clea-duvall-reminisce-on-their-cult-classic>]

**(...) Cal foi a vosa sensación inicial sobre o filme logo de ler o guión? Considerando que tanto do seu ton se traslada a través da linguaxe visual, percíbíase no texto o factor camp?**

**Clea:** Eu estivera na curta de Jamie [*Sleeping Beauties*, 1998], que tiña elementos estéticos parecidos, así que coñecía o seu estilo visual. (...) Pero o guión cambiou moito desde a primeira vez que o lin, e ela deixoume levar moito de min mesma ao papel. Era algo que nunca vira antes. Había rapazas parecidas noutras historias lésbicas, e tentara conectar con elas antes, pero nunca sentira que a miña experiencia fora autenticamente representada. Jamie foi moi xenerosa e colaborativa, e permitíume escribir as miñas propias liñas e vestir a roupa que quixese vestir e levar o pelo como quixese—ser simplemente eu.

**Natasha:** En xeral, esta é unha época borrosa na miña memoria, pero é gracioso que estivésemos facendo cousas tan diferentes. Clea, ti estás falando de levar a verdade de quen eras naquel tempo a Graham. Pero Megan está tan lonxe do que eu era. Sempre levaba medias de rede negras e botas de plataforma rolo Marilyn Manson. Houbo un dramón cando (para dar contexto, estaba saíndo con Eddie Furlong daquela, así de noventa e aí esta historia) me tatuei bébeda en Hollywood Boulevard, a miña primeira e única tatuaxe, o día antes da rodaxe. Jamie estaba cabreadísima porque tiña que estar co meu suxeitador deportivo durante as coreografías, e díciame “como puides facer isto??”, e eu en plan “non sei que pasou!”. Dalgunha maneira estaba burlándome dese tipo de persoa, a perfecta rapaza loira. O que é fantástico de Megan é que se convirte nalgo que vai moito máis lonxe. Descúbrese realmente a si mesma no filme. (...)

**Clea, mencionaches que querías que Graham fose un tipo de rapaza que non viras en pantalla antes. Que estabas vendo daquela, en termos de cine queer?**

**Clea:** Estaba *The Incredibly True Adventures of Two Girls in Love* [Maria Maggenti, 1995], coa que estaba obsesionada, e *All Over Me* [Alex Sichel, 1997], que tiña elementos cos que conectei. Tamén estaba simplemente vendo rapazas que quería que fosen gays pero non eran. “Por que a rapaza se namora del? Por que non se namora da rapaza que é coma min?”.

**Natasha:** É máis fácil de contextualizar agora, pero creo que Clea estaba facendo algo que encaixa nunha tradición específica no cinema. O de Linda Manz en *Out of the Blue* [Dennis Hopper, 1980]. Sempre falamos de como deberíamos facer un remake de *Midnight Cowboy* [John Schlesinger, 1969]: Clea sería Jon Voight, sempre coa chaqueta vaqueira, e eu sería Ratso Rizzo, tusindo e fumando, arrastrándome ao seu carón. Sempre vin a Clea, especialmente daquela, como unha figura tipo Steve McQueen. Daquela non había rebeldes tipo James Dean que fosen

mulleres; non tiñan o carácter desafiante que Clea ten de seu. Pero houbo un verdadeiro cambio. *Pariah* [Dee Rees, 2011] é, de feito, unha gran peli contemporánea que encaixa neste canon.

**Vinte anos despois, o filme continúa a emocionar a moita xente. Como foi a recepción inicial?**

**Natasha:** Nunca esquecerei Sundance... que resulta estar en Utah, un sitio moi ríxido, pero lembro unhas rapazas que viñeron vernos logo de vela e estaban chorando e dicindo que nunca viran unha peli como esta, e iso foi unha experiencia das que cambian a vida. (...) É algo que me quedou na cabeza: estaba realmente axudando á xente e facéndoa sentir menos soa neste mundo, o que é unha gran cousa para un filme.

A peli tivo orixinalmente unha cualificación NC-17, e non foi moi ben recibida. Adorou a xente a Douglas Sirk cando estreou os seus filmes? Non estou segura. Pero é só para dicir que nunca estaba tendo a experiencia de vender este filme que estaba sendo considerado para adultos e aínda así resoaba moi intensamente coa xente. Tivo que loitar para conseguir unha cualificación R, aínda que non había nada lascivo nela. A historia que sempre conta é que filmou a escena de sexo con Clea e máis eu a escuras porque eramos puritanas e queríamos deixar os camisóns postos.

**Clea:** Sabes o que foi... foi a escena na que te masturbabas na oficina e había un plano americano no que se podía ver a túa man na túa pube. Esa é a cousa que lle deu o NC-17. Tivo que cortar a un plano máis pechado onde non se che vía a man.

**Natasha:** Penso que o comité decidiu que, como estabamos a escuras na nosa escena, debía haber penetración completa ou algo polo estilo. Pero cando o ves somos Clea e máis eu en camisóns completos dos cincuenta, simplemente bicándonos. Así que iso di moito sobre a falta de igualdade no cinema. Xa había case trinta anos de *Last Tango in Paris* naquel punto. Parecía moi prexuzoso.

**Clea:** Vin hai pouco *Basic Instinct*. As escenas de sexo dos noventa son super gráficas! A nosa peli era moi mansa, e quen sabe que tería pasado se Natasha e eu non fosemos tímidas. Penso que a sociedade daquela (e mesmo aínda hoxe) tiña pavor á sexualidade feminina e ao pracer feminino que non xira arredor dun home. (...)

**Natasha:** Tamén vale a pena sinalar a horrible outra cara da moeda, e como de tolo é que o filme siga sendo relevante. Poderíase dicir que ese é o problema da peli: cada vez que hai un Mike Pence no goberno, vólvese relevante. Unha podería ter a esperanza de que, cun tono como o que ten, non podas imaxinar nada máis ridículo que esta idea terrible de cambiar a identidade e humanidade básica da xente, e aínda así aquí estamos, con cuestións básicas de igualdade aínda sendo discutidas. É un ciclo que nunca se acaba, no que a xente está empeñada en manter a inxustiza. Así que a película non é só unha farsa camp e frívola. Segue sendo devastadora e profética.

**CINECLUBE DE COMPOSTELA**



**ASOCIACIÓN**

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) [cineclubedecompostela.wordpress.com](http://cineclubedecompostela.wordpress.com) [facebook.com/cineclubedecompostela](https://facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

**PROXECCIONS**

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalla do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

**3 DE NOVEMBRO**

AS AVENTURAS DO PRÍNCIPE ACHMED (Die Abenteuer des Prinzen Achmed, Lotte Reiniger, Alemaña, 1926, 66', VOSG)

**10 DE NOVEMBRO**

LEMONADE JOE, OU A ÓPERA EQUINA (Limonádový Joe aneb Koňská opera, Oldřich Lipský, Checoslovaquia, 1964, 95', VOSG)

**17 DE NOVEMBRO**

A POU SADA DO DRAGÓN (龍門客棧 [Lóng Mén Kè Zhàn], King Hu, Taiwán / Hong Kong, 1967, 111', VOSG)

**24 DE NOVEMBRO**

PERO SON UNHA ANIMADORA (But I'm a Cheerleader, Jamie Babbit, EUA, 1999, 89', VOSG)